

62. ●●● Resolve polo método que consideres máis adecuado.

$$a) \begin{cases} \frac{3x}{3} - \frac{2x}{4} = 2 \\ 3y + 5x = -1 \end{cases}$$

$$b) \begin{cases} \frac{x}{3} - \frac{y}{2} = -1 \\ \frac{2x}{3} - \frac{y}{4} = 7 \end{cases}$$

63. ●●● Elimina as parénteses e os denominadores nos seguintes sistemas.

$$a) \begin{cases} \frac{x}{2} + \frac{y}{2} = 0 \\ \frac{5(x+1)}{7} - \frac{2(y+2)}{3} = -2 \end{cases}$$

$$b) \begin{cases} \frac{3(1-x)}{3} - \frac{(y-1)}{5} - \frac{1}{2} = \frac{3}{2} \\ \frac{5(x+1) + 7(2y-1)}{6} = 2 \end{cases}$$

64. ●●●● Resolve polo método de igualación estes sistemas.

$$a) \begin{cases} \frac{x}{2} + \frac{y}{3} = 6 \\ x - 2y = -4 \end{cases}$$

$$b) \begin{cases} \frac{x}{2} - \frac{y+2}{2} = \frac{1}{2} \\ \frac{2(x-1)}{3} - \frac{y+2}{6} = -1 \end{cases}$$

$$c) \begin{cases} \frac{x}{5} + y = 2 \\ 2x - 3y = 7 \end{cases}$$

65. ●●●●● Resolve polo método de redución nos seguintes sistemas.

$$a) \begin{cases} \frac{x}{2} + \frac{y}{3} = 6 \\ x - 2y = -4 \end{cases}$$

$$b) \begin{cases} \frac{x}{2} - \frac{y+2}{2} = \frac{1}{2} \\ \frac{2(x-1)}{3} - \frac{y+2}{6} = -1 \end{cases}$$

$$c) \begin{cases} \frac{x}{5} + y = 2 \\ 2x - 3y = 7 \end{cases}$$

66. ●●●●● Resolve polo método máis adecuado.

$$a) \begin{cases} x + y = 0 \\ 2x - y = 0 \end{cases} \quad b) \begin{cases} 2x - 3y = 2 \\ 5x + 4y = 5 \end{cases}$$

$$c) \begin{cases} \frac{x}{2} + \frac{y-1}{2} = 0 \\ 3x - y = 6 \end{cases}$$

$$d) \begin{cases} \frac{2x+1}{5} - \frac{3y-4}{10} = \frac{2}{5} \\ \frac{5(x+1)}{7} - y + \frac{1}{2} = -\frac{8}{2} \end{cases}$$

$$e) \begin{cases} \frac{3(x+1)-x}{6} - y - \frac{y+1}{5} = \frac{3}{2} \\ x - \frac{3(y-1)}{10} + \frac{1}{5} = \frac{x+3}{3} \end{cases}$$

PROBLEMAS CON SISTEMAS

FAIÑO ASÍ

COMO SE EXPRESAN CERTOS ENUNCIADOS MEDIANTE ECUACIONES CON DÚAS INCÓGNITAS?

67. Expresa como ecuacións con dúas incógnitas.

- A suma de dous números é 50.
- A diferenza de idade de dous irmáns é 5 anos.
- Un pai ten o dobre de idade ca o seu fillo.
- Un número supera a outro en 10 unidades.

PRIMEIRO. Asignar unha incógnita a cada dato descoñecido.

Datos descoñecidos	Incógnitas
Dous números	x , un número y , o outro número
Idades de dous irmáns	x , idade do primeiro y , idade do segundo
Idades do pai e do fillo	x , idade do pai y , idade do fillo
Dous números	x , un número y , o outro número

SEGUNDO. Relacionar os datos coñecidos e descoñecidos mediante unha igualdade (ecuación).

- A suma é 50 $\longrightarrow x + y = 50$
- A diferenza é 5 anos $\longrightarrow x - y = 5$
- O pai dobra en idade ao fillo $\longrightarrow x = 2y$
- Un supera ao outro en 10 $\longrightarrow x = y + 10$

4. Resolución de problemas

- 139** Atopa dous números tales que a súa suma sexa 10 e a diferenza dos seus cadrados sexa 60.
- 140** A hipotenusa dun triángulo rectángulo mide 13 cm. Se o cateto maior mide 7 cm máis ca o cateto menor, cal é a lonxitude dos catetos?
- 141** Para facer penso para vacas mestúrase avea de 0,4 €/kg e centeo de 0,25 €/kg. Se se fan 5 000 quilos de penso a 0,31 €/kg, cantos quilos de avea e de centeo se empregaron?